

**PROGRAMA ESPECIAL DE
PROMOCIÓN DO PERSOAL
DOCENTE E INVESTIGADOR DA
UNIVERSIDADE DE VIGO 2012/2013
VINCULACIÓN DE ÁREAS /CAMPUS**

O apartado 4.1 da convocatoria do Programa Especial de Promoción do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo (Curso 2012/13) establece que “unha vez coñecida a relación de solicitantes e antes da avaliación dos CVs, a COAP estudará a situación das áreas implicadas e decidirá a que campus quedará vinculada a praza (a efectos de docencia), no caso de ser seleccionada esa área”.

En aplicación do anterior, a COAP na sesión do 3 de outubro de 2013, analizou a situación das áreas correspondentes ás solicitudes presentadas neste programa e acordou aprobar a seguinte vinculación a campus:


AREA DE COÑECEMENTO	CAMPUS
Ciencia Política e da Administración	PONTEVEDRA
Ecoloxía	OURENSE
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	VIGO
Enxeñaría Química	VIGO
Enxeñaría Mecánica	VIGO
Enxeñaría Telemática	VIGO
Física Aplicada	VIGO
Fisioloxía	VIGO
Fisioloxía Vexetal	VIGO
Historia Moderna	VIGO
Química Orgánica	VIGO
Xenética	VIGO

Tendo en conta que:

- na relación definitiva de persoas admitidas figura máis dunha persoa nas áreas de Ecoloxía, Enxeñaría Telemática, Fisioloxía e Química Orgánica.
- Que nos termos establecidos no apartado 4.4 da convocatoria poderían outorgarse dúas prazas nunha mesma área de coñecemento.

A COAP, na súa sesión do 21 de outubro de 2013 acordou modificar parcialmente a vinculación de áreas a campus nos seguintes termos:

Ecoloxía	OURENSE/PONTEVEDRA (*)
Fisioloxía	VIGO/ PONTEVEDRA (**)
Química Orgánica	VIGO / OURENSE (***)



(*) No caso de outorgarse unha praza nesta área, o campus sería Ourense. No caso de outorgarse dúas prazas, a persoa con máis puntuación elixiría a que campus (Ourense/Pontevedra) quedaría vinculada a praza xerada polo seu curriculum vitae nesta convocatoria. A segunda praza outorgada na área vincularíase ao campus non elixido en primeiro lugar.

(**) No caso de outorgarse unha praza nesta área, o campus sería Vigo. No caso de outorgarse dúas prazas, a persoa con máis puntuación elixiría a que campus (Vigo/Pontevedra) quedaría vinculada a praza xerada polo seu curriculum vitae nesta convocatoria. A segunda praza outorgada na área vincularíase ao campus non elixido en primeiro lugar.

(***) No caso de outorgarse unha praza nesta área, o campus sería Vigo. No caso de outorgarse dúas prazas, a persoa con máis puntuación elixiría a que campus (Vigo/Ourense) quedaría vinculada a praza xerada polo seu curriculum vitae nesta convocatoria. A segunda praza outorgada na área vincularíase ao campus non elixido en primeiro lugar.

Vigo, 22 de outubro de 2013

A vicerreitora de Org. Académica, Profesorado e Titulacións



Margarita Estévez Toranzo